




O presente proxecto foi financiado co apoio da Comisión Europea . Esta publicación (comunicación) é responsabilidade exclusiva do seu autor . A Comisión non é responsable do uso que poida facerse da información aquí difundida




O proxecto

Este proxecto naceu coa idea de compartir actividades e información entre varias escolas europeas sobre o clima dos nosos respectivos territorios .

Entre as actividades feitas podemos destacar medicións, elaboración de paneis informativos , construción de dispositivos de medición con material de reciclaxe , debuxos , carteis , intercambios de fotos dos climas propios



...





O contexto

Nace nun contexto moi concreto no colexio : tiñamos o tema do CLIMA como proxecto vertebrador das actividades de dinamización Lingüística . Así o proxecto se foi integrando como un proxecto de colaboración europeo enmarcado nun proxecto anual de centro que era o do CLIMA.



Implicación do alumnado e o profesorado

O proxecto foi un reto para os profesores implicados nel na escola, articulando e adaptando o seu traballo e de programación tendo en conta os elementos propios do mesmo .

Para os alumnos foi unha importante fonte de motivación en distintas áreas, para ser traballadas con outra visión , tendo en conta que eles podían intercambiar información sobre o tempo directamente con nenos doutras escolas europeas . Tamén significou unha motivación e un impulso para fomentar os hábitos de reciclaxe.



Algunhas dificultades ...

Entre as dificultades que tivemos podemos destacar

A realización de 2 videoconferencias das cales tiñamos pouca práctica naquel momento , de feito unha das escolas usou o smartphone para toda a videoconferencia e ao non ter unha boa cobertura wifi nese momento dificultou bastante a realización da mesma . Na 2ª videoconferencia ,coa plataforma Skype ,usamos todos conexión máis estable uns por cable Ethernet , outros por wifi e a webcam específica .



Impacto e beneficios

O resultado do proxecto sintetizouse no blog que ten unha ligazón na páxina web da escola para que toda a comunidade educativa fixera un seguimento do proxecto . Ali hai gráficos, folletos dixitais , exposicións de experimentos, ilustracións, vídeos,cancións, fotos ...


<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/?q=node/308>

No plano da educación medioambiental supuxo un impulso á motivación a reciclar obxectos e materiais construíndo diferentes dispositivos de medición en clase con materiais non comprados senón sobrantes de uso en casa.

A interacción educativa que impactou máis entre o alumnado produciuse nas dúas videoconferencias que mantivemos con 2 centros : o francés e o ucraino

Date	Hour	Weather	Temperature	Humidity%	Pression	Precipitations per day
Tuesday 29/11	8:20	It's sunny	27°c	66 %	1112	-
	11 :30	It's sunny	27°c	70 %	1112	-
	15 :10	It's sunny	29°c	63 %	1112	-
Wednesday 30/11	8:45	It's sunny	28°c	67 %	1114	8,7 mm
	11 :00	It's sunny	29°c	67 %	1114	-
Thursday 1/12	8:20	It's sunny	28°c	61 %	1113	-
	11 :30	It's cloudy	29°c	61 %	1112	-
	15 :00	It's cloudy	29°c	60 %	1113	-
		It's rainy				17,3 mm
Friday 2/12	10 :03	It's sunny	29°c	61 %	1112	-
	11 :30	It's sunny	29°c	59 %	1112	-
	15 :00	It's cloudy	29°c	59 %	1112	13,6 mm
Saturday 3/12		It's raining				14 mm

Experience 2:



We used a kettle to boil some water.
We saw that the steam was going out of the kettle. When the water was too hot, it turned into steam. Above the kettle we put a large plate with ice inside. The steam met the iced plate and many drops of water appeared. And then the drops of water fell down. It's like the cycle of the water .

A experiencia eTwinning

A nosa experiencia foi ante todo darlle proxección intereuropea ao traballo feito en clase con todo o que supón de atractivo e motivación .

Puntualmente en clase de matemáticas e de ciencias manexabamos os datos que as outras escolas enviábannos nos seus gráficos .

Tamén pero en clase de ciencias comentabamos os datos sobre aspectos do clima que nos enviaban os alumnos das outras escolas e contrastabámoslos con nosas propias experiencias . Todo iso xeraba un clima moi motivador nas diferentes materias .

A materia de inglés viuse reforzada na súa motivación en aspectos como : a busca e ampliación de vocabularios relacionados con este tema.



Ligazóns e contacto

- Ligazóns aos resultados do proxecto :
- Ao twinspace do proxecto
- <https://twinspace.etwinning.net/27564/home>
- ao blog do proxecto
- <http://theweatherwewatch.blogspot.com.es/>
- ao proxecto CLIMA do colexio
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/?q=node/306>
- a un caderno dixital con contidos do proxecto
- <http://es.calameo.com/read/0033034876c14254e8579>
- á páxina web do colexio onde aparece reflectido a actividade do proxecto
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/?q=node/308>
- E-mail do coordinador e autor do proxecto:
karmestre@edu.xunta.es c.sasvi@gmail.com
-